



Tres das fotografías de Raquel Calviño realizadas para un dos capítulos do seu proxecto xunto á modelo Noal Var.

Todas as mulleres que hai en Raquel Calviño

► A fotógrafa pontevedresa deixa de lado o traballo de rúa para desenvolver un proxecto de carácter íntimo, 'Habitando otro cuerpo'

► O amor, a sensualidade e a soidade son capítulos deste traballo, no que contou coa modelo Noal Var como alter ego

BELÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. Cita o conto 'Homes sen mulleres', de Haruki Murakami, e sinala un parágrafo concreto que comeza: «Converterse nun home sen muller é moi sinxelo: basta con amar loucamente a unha muller e que logo ela marche a algunha parte». A fotógrafa Raquel Calviño (Pontevedra, 1969) puntualiza que, no seu caso, o relato é o das mulleres sen homes. Cita tamén un tema do grupo Marlango, 'Si yo fuera otra'. «Y ser todas las mujeres medidas en mi piel».

Detrás do proxecto 'Habitando otro cuerpo', que a apartou da fotografía de rúa e no que leva traballando dous anos, están todas estas referencias e algunha máis. «Ao longo dos últimos anos foi cambiando o meu xeito de traballar como fotógrafa», explica. «Agora mesmo fotografio máis co corazón que coa cabeza. Deixou de interesarme a imaxe tecnicamente perfecta para preocuparme moito máis a idea de transmitir».

Raquel Calviño apártase do seu traballo habitual como fotógrafa testemuña para realizar un gran autorretrato. arredor da súa

intimidade, para o que, «por pudor», contou cunha modelo, «que se converteu no meu alter ego», Noal Var. O amor, a sensualidade e a soidade son capítulos deste proxecto que agora retrata e que lle gustaría chegar a expoñer.

2011. Raquel Calviño, traballadora social en Pazos de Borbén, achegouse á fotografía no ano 2011. Dous anos despois participou nunha mostra colectiva de Fotocrea no festival Outono Fotográfico con instantáneas da serie 'Down on the Street', realizada en Nova York. Máis tarde viría outro traballo colectivo, 'Cuaderno de ejercicios para poetas visuales', realizado xunto ás compañeiras do grupo Al Norte.

«Ata ese momento eu nunca me implicara persoalmente nas fotos. Estaba centrada no traballo de rúa, que me encanta. Pero a partir de aí algo se me revolveu dentro e decidín profundizar na miña definición como muller a través da foto», conta. «A perda do meu compañeiro de vida, as sensacións que me acompañaron estes dez últimos anos e como as afrontei son algunhas das cuestións que busco retratar aquí».



Raquel Calviño coa súa cámara. JAVIER CERVERA-MERCADILLO

Proximamente Exposición no Pazo da Cultura

Raquel Calviño será a protagonista da exposición de fotografía que ocupará o Pazo da Cultura en outono e que se desenvolverá de xeito paralelo á mostra 'Na beira do río. Diálogos na pintura'. «O traballo que estamos preparando para esa mostra está máis

relacionado co que viña facendo e mostrando ata agora», explica a fotógrafa.

A exposición, que está comisariada por Ramón Rozas, estará dividida en tres partes. En cada unha delas, a autora mostrará instantáneas coas que compondá propostas diferentes: dende un collage ata unha serie ordenada de xeito consecutivo pasando por varias fotos de gran tamaño. «O que terán en común é que todas son fotografías de rúa».

Evolución

«Agora mesmo fotografio máis co corazón que coa cabeza. Deixou de interesarme a imaxe tecnicamente perfecta»

Obxectivo

«As sensacións que me acompañaron estes dez últimos anos e como as afrontei son algunhas das cuestións que retrato»